

CONVOCATORIA DE FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE
TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2024-2025

PRAZO DE SOLICITUDE DO 21 DE MAIO Ó 21 DE XUÑO DE 2024

NORMATIVA

Orde do 7 de maio de 2024 que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 código de procedemento ED330B) (Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2024).

DESTINATARIOS

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP
- **Axudas para adquirir material escolar:** todo o alumnado matriculado en EP
- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

O alumnado de 6º curso de EP, deberá presentar a solicitude no IES no que foi admitido.

FORMA DE PRESENTACIÓN

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I y II) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación de [fondolibros](https://www.edu.xunta.gal/fondolibros) será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>)
- Opcionalmente poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- **Presencial coa asistencia da aplicación:** cubra os datos na aplicación **FONDO LIBROS** imprima os Anexos I e II producidos e presénteos no centro educativo.

DOCUMENTACIÓN

- **Anexo I** (solicitude) e **anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. *No caso de separación ou divorcio, ademais, deberán aportar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.*

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde, achegarse un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- **Certificado acreditativo do grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que **non pertenza á Xunta de Galicia**.
- **Violencia de xénero:** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

*En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro do 2022**, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, nos que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.*